


**PROXECTO LINGÜÍSTICO  
DE CENTRO  
2019-2023**



## TÁBOA DE CONTIDO

1. Introducción.
2. Marco legal.
3. Contexto sociolingüístico.
4. Obxectivos xerais para o fomento da lingua galega.
5. Liñas de actuación para o fomento da lingua galega.
6. Decisión do centro respecto da lingua en que se impartirán as materias de educación primaria.
7. Educación Infantil.
8. Exencións.
  - a. Procedementos de solicitude.
  - b. Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.
9. Medidas de coordinación entre as materias de linguas impartidas no centro. Impartición do currículo integrado das linguas.
10. Equipo de dinamización da lingua galega.
  - a. Composición.
  - b. Funcións.
11. Programas e actividades para o fomento da lingua galega.
12. Plurilingüismo.
  - a. Programas específicos de atención ao alumnado con NEAE.
  - b. Seccións bilingüe.
13. Avaliación.

## 1. INTRODUCCIÓN

O Proxecto Lingüístico do CEIP Torre-Illa ten como principal obxectivo garantir o dominio e aprendizaxe das dúas linguas oficiais de Galicia e o fomento do plurilingüismo, segundo establece o Estatuto de Autonomía de Galicia, a Lei 3/1983 de Normalización Lingüística, a LOGSE, o currículo da Educación Infantil e primaria, o decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e a Orde do 10 de febreiro de 2014 que o desenvolve. O presente proxecto pretende contribuír á planificación lingüística do centro, garantindo:

- Que o alumnado que ten o galego como lingua habitual poida manter a súa lingua e consolidar unha competencia plena nela.
- Que o alumnado que ten o castelán como lingua habitual adquira unha boa competencia en galego, de tal xeito que se favorezan os contextos en que se exprese nela.
- Que todo o alumnado adquira unha boa competencia en castelán.
- Progresar na consecución dunha competencia lingüística en inglés, axeitada ao nivel educativo de que se trate, que facilite que ó remate do ensino obrigatorio se logre un dominio desa lingua oral e escrita en múltiples contextos, e o uso funcional.

O Proxecto lingüístico do CEIP Torre-Illa ten como referencia o entorno social e lingüístico da Illa de Arousa, e acomódase a esta realidade potenciando a revalorización da cultura galega, e en especial da lingua. Este aspecto queda reflectido en varios documentos e proxectos do centro, coma na programación do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (en diante EDLG), e conta co respaldo e o consenso do Claustro.

## 2. MARCO LEGAL.

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os seguintes:

- ◆ Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.
- ◆ Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade autónoma de Galicia.
- ◆ Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade autónoma de Galicia.
- ◆ Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
  - ◆ Decreto 229, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade en Galicia .
  - ◆ Orde do 20 febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.
- ◆ Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.

## 3. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO.

O Centro Torre- Illa está situado na Illa de Arousa, enclavada na ría do mesmo nome e na comarca natural do Salnés.

Debido ao illamento que sufriu ata o ano 1985, conserva unha cultura autóctona (crenzas, actitudes, costumes, formas de ser ...) que merecen un estudio específico dentro do marco xeral da Comunidade Autónoma.

A partir de dito ano comezan a producirse unha serie de cambios tanto a nivel cualitativo como cuantitativo na cultura que comeza a ser máis urbana e máis **castelanizante** debido ás melloras das comunicacións co continente pero manténdose unha **maioría de galegofalantes**, feito que se reflexa claramente no noso centro, xa que o alumnado de nova incorporación é cada vez máis castelán falante.

Séguese mantendo unha cultura autóctona que pode dividirse en:

- ◆ Unha cultura rural, mantense o sistema agrario tradicional cun policultivo de baixo rendemento para o autoconsumo (millo, patacas, vide, legumes, etc)
- ◆ Unha cultura mariñeira na que hai que facer constar que pasou dun sistema de pesca de baixura cunhas pequenas embarcacións (dornas) a un moderno sistema de explotacións dos recursos marítimos mediante o cultivo de mexillóns en batea.

En resumo, podemos dicir que o Centro posúe un entorno cultural e natural privilexiado, un entorno económico desafogado e un ambiente sociolingüístico no que a maioría do alumnado, profesorado e familias son galego falantes. Compre salientar que o galego falado na Illa de Arousa, mantén algunhas peculiaridades propias da zona como son:

- ◆ As terminacións en *-in* no canto de *-ei* nos verbos da primeira conxugación, por exemplo *acabín, peguín, xoguín..*
- ◆ Castelanismos
- ◆ A gheada e o seseo.

#### **4. OBXECTIVOS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.**

A potenciación do uso da lingua galega no centro é una labor na que está implicada todo o profesorado. O EDLG ten un papel determinante neste eido, xa que desempeña un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión do Proxecto de Fomento da Lingua Galega. Os obxectivos xerais para o fomento da lingua galega son:

- ◆ Valorar e estimar a lingua de Galicia, reforzando a dimensión comunicativa como instrumento útil de expresión oral, e adoptando unha actitude respectuosa perante as intervencións dos outros interlocutores.

- ◆ Potenciar novos ámbitos de uso do galego, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.
- ◆ Expresarse non só oralmente, senón tamén por escrito na nosa lingua con coherencia, corrección e creatividade.
- ◆ Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística de España, respectando as peculiaridades dos diferentes rexistros e variedades lingüísticas e valorando a súa existencia como unha achega enriquecedora.
- ◆ Utilizar a linguaxe oral e escrita como instrumento para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes de calquera tipo.
- ◆ Facilitar o acceso a recursos e materiais educativos en lingua galega que poidan mellorar ou facilitar a práctica docente.
- ◆ Fomentar a implicación activa nas actividades do EDLG.
- ◆ Garantir unha oferta de recursos bibliográficos e materiais didácticos de calidade e en soportes diversos na biblioteca do centro.
- ◆ Implicar ao persoal non docente e a ANPA nas actividades que desenvolva o EDLG do centro.
- ◆ Fomentar a colaboración con asociacións e institucións da zona.
- ◆ Asegurar unha maior presenza do galego nas TIC.
- ◆ Asegurar a presenza da lingua galega nas actividades extraescolares e de animación á lectura.
- ◆ Deter o proceso castelanizante que está a mudar a realidade sociolingüística na Illa de Arousa.
- ◆ Fomentar o uso do galego como lingua viva e de comunicación no ámbito familiar, valorando e estimando a lingua como elemento identificador.

## **5. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.**

Para a consecución destes obxectivos, o EDLG do centro, co apoio do profesorado, desenvolve as seguintes liñas de actuación:

- ◆ Incrementar o uso do galego nas actividades extraescolares e complementarias.
- ◆ Estender o ámbito das actividades e planificación lingüística do centro a toda a comunidade educativa: alumnado, profesorado, persoal non docente e familias.
- ◆ Establecer una composición do Equipo de Dinamización da Lingua Galega que represente ao máximo posible todos os sectores da comunidade escolar e todas as etapas e niveis educativos do centro.

## 6. DECISIÓN DO CENTRO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Na educación primaria as materias de linguas impartiranse no idioma de referencia, Matemáticas en castelán, e Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais en galego, tal e como determina o Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Por acordo da CCP, e buscando un reparto o máis equitativo posible entre as horas das dúas linguas oficiais de Galicia, impartiranse en galego Relixión/Valores Sociais e Cívicos e en castelán Educación Física.

O reparto por materias sería o seguinte:

CURSO	1º EP		2º EP		3º EP		4º EP		5º EP		6ºEP	
	H	LI	H	LI	H	LI	H	LI	H	LI	H	LI
<b>MATERIA</b>												
CIENCIAS NATURAIS	2	G	2	G	2	G	2	G	2	G	2	G
CIENCIAS SOCIAIS	3	G	2	G	3	G	2	G	2	G	3	G
EDUCACIÓN FÍSICA	2	C	2	C	2	C	2	C	2	C	2	C
LINGUA CASTELÁ	4	C	4	C	4	C	4	C	4	C	3	C
INGLÉS	2	I	2	I	3	I	3	I	3	I	3	I
LINGUA GALEGA	4	G	4	G	4	G	4	G	4	G	3	G
MATEMÁTICAS	5	C	5	C	4	C	4	C	5	C	5	C
MÚSICA	1	G	1	G	1	G	1	G	1	G	1	G
PLÁSTICA	1	G	1	G	1	I	1	I	1	I	1	I
RELIXIÓN/VALORES	1	G	2	G	1	G	1	G	1	G	1	G
LIBRE CONFIGURACIÓN							1	C			1	G
CASTELÁN (%)	44%		44%		44%		44%		44%		40%	
GALEGO (%)	48%		48%		40%		40%		40%		44%	
INGLÉS (%)	8%		8%		16%		16%		16%		16%	

## **7. EDUCACIÓN INFANTIL.**

Tal como se recolle no Art.5 do Decreto 79/2010, na etapa de educación infantil o profesorado usará a lingua materna predominante entre o alumnado, debendo ter en conta a lingua do contorno. Atenderase de xeito individualizado ao alumnado segundo a lingua que utilice, procurando que adquira de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites desta etapa.

## **8. EXENCIONS.**

### **a. Procedementos de solicitude.**

Segundo o Art.3 da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010 de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega, o alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia no 3º ciclo de educación primaria, poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares.

Os pais/nais/titores legais, poderán realizar a solicitude de exención da materia de lingua galega a través do formulario normalizado que figura como anexo na Orde expoñendo as razóns polas que se solicita a exención. A solicitude dirixirase á persoa titular da Dirección do centro.

O prazo de presentación das solicitudes empezará o 1 de setembro de cada ano e rematará o 5 de outubro de cada ano.

O centro resolverá sobre a concesión ou denegación da exención no prazo máximo de dez días hábiles a partir da presentación da documentación completa.



A exención suporá a consignación de exento nos documentos oficiais de avaliación do alumnado, onde ser fará constar tamén se é o caso, a posible revogación e a conseguinte cualificación.

O alumnado exento terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de acadar ao remate da exención un dominio adecuado da lingua galega.

**b. Medidas adoptadas para que o alumnado que non ten o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan.**

O Plan de Orientación do centro será a referencia á hora de desenvolver as medidas para aquel alumnado que non teña o suficiente dominio das Linguas. Deberán, segundo recolle o mesmo, establecerse e aplicarse primeiro aquelas medidas de carácter ordinario necesarias, principalmente o Reforzo Educativo e o apoio por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria. Posteriormente, e só no caso de resultar necesarias, poderanse establecer e aplicar outras medidas de carácter extraordinario coma os Grupos de Adquisición de Linguas, as Adaptacións Curriculares ou a flexibilización do período de escolarización do alumnado. E teranse en conta as disposicións da Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, así coma no Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade.

**9. MEDIDAS DE COORDINACIÓN ENTRE AS MATERIAS DE LINGUAS IMPARTIDAS NO CENTRO. IMPARTICIÓN DO CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS.**

Por acordo da CCP, para o tratamento integrado das linguas no currículo levaranse a cabo as seguintes medidas:

- ◆ Aproveitar as conmemoracións que se celebran ao longo do curso para realizar algunha actividade ou elaborar algún produto final no que se integren as tres linguas.
- ◆ Utilización das tres linguas nos carteis do centro.
- ◆ Potenciar desde a Biblioteca do centro o préstamo de fondos nas tres linguas.
- ◆ Realizar actividades complementarias nas dúas ou tres linguas de xeito sucesivo.
- ◆ Coordinación entre as tres linguas para:
  - ◆ Impartir algúns contidos en Inglés logo de telos impartidos en Lingua Galega e Lingua Castelá.
  - ◆ Non cinguir os contidos a unha lingua determinada.
  - ◆ Realizar explicacións simultáneas ou complementarias daqueles contidos que están nos currículos de Lingua Galega e Lingua Castelá, dando visibilidade ás similitudes e ás diferenzas.
  - ◆ En Educación Infantil e nos primeiros cursos de Primaria traballar o vocabulario de forma simultánea nas tres linguas.

## **10. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA.**

Para potenciar o uso da lingua galega no noso centro constituirase un Equipo de Dinamización da Lingua Galega, nomeado e supervisado pola dirección do centro.

### **a. Composición.**

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega estará formado por un coordinador ou coordinadora, profesorado e por persoal non docente. Tenderase a unha composición equilibrada de mulleres e homes.

### **b. Funcións.**

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega terá un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega no centro.

## **11. PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.**

Porase especial atención ás liñas de actuación que permitan potenciar o uso do galego no centro, incrementando este uso nas actividades extraescolares e complementarias. Ademais:

- ◆ Empregar a lingua galega na documentación do centro, notificacións, páxina web, carteis, avisos....
- ◆ Realización de investigacións e exposicións etnográficas sobre a Illa de Arousa.
- ◆ Promover a visita ao centro de escritores de literatura infantil ou contacontos en galego.
- ◆ Asistir a concertos didácticos ou obras de teatro que promocionen o uso do galego.
- ◆ Elaboración da revista escolar “Carcamán”.
- ◆ Uso do galego na radio escolar RADIO CARCAMÁN con emisións todos os luns, mércores e venres dende as 13:25 ata as 14:15 no dial 99,9 de FM, así como na rede dende o blogue radiocarcaman.blogspot.com.es.
- ◆ Uso do galego na televisión escolar CARCAMÁN TV que, xunto coa radio é un importante recurso no que o alumnado afianza a capacidade comunicativa en galego.
- ◆ Recuperación e coñecemento de vocabulario e usos lingüísticos do entorno, especialmente as relacionadas coa cultura mariñeira, moi rica na Illa de Arousa.
- ◆ Recuperación das tradicións orais, etnográficas, musicais e lúdicas (xogos populares).

- ◆ Realización de actividades TIC e utilización de software en galego.
- ◆ Dotación de fondos de literatura galega na Biblioteca que sexan atractivos para o alumnado.
- ◆ Traballos coa prensa escrita en galego, sobre todo durante a semana da prensa.
- ◆ Divulgar e potenciar entre o profesorado a participación en concursos e certames relacionados co Día das Letras Galegas.

## **12. PLURILINGÜISMO.**

### **a. Programas específicos de atención ao alumnado con NEAE.**

Para a atención ao alumnado con NEAE o ensino desenvolverase fundamentalmente na súa lingua materna, podendo aplicarse medidas de carácter extraordinario coma o apoio por parte do profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica, as Adaptacións Curriculares ou a Flexibilización do período de escolarización.

Para o alumnado procedente do estranxeiro seguindo o establecido no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade en Galicia e na Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro, poderase levar a cabo un grupo de adquisición de linguas.

### **b. .Seccións bilingües.**

Continuando co proxecto iniciado no curso 2011-2012 o centro participa no Programa das Seccións Bilingües, actualmente nos niveis de 3º, 4º, 5º, 6º de Educación Primaria.

O principal obxectivo é mellorar a competencia lingüística do alumnado en lingua inglesa, e facilitar a súa integración nunha sociedade plurilingüe e pluricultural. De xeito máis específico podemos sinalar os seguintes obxectivos:

- ◆ Ser conscientes de que a lingua estranxeira é importante e necesaria, non só nas clases de Lingua Inglesa, senón tamén noutros aspectos da súa vida cotiá.
- ◆ Aumentar o nivel de exposición ao idioma inglés a través doutras áreas non lingüísticas con actividades lúdicas e motivadoras, que á vez sexan efectivas para o aprendizaxe favorecendo o desenvolvemento das capacidades cognitivas e dunha representación máis ampla da realidade.
- ◆ Valorar o coñecemento doutras sociedades, culturas, costumes e institucións a través do uso da lingua inglesa, fomentando valores como o respecto, a tolerancia e a solidariedade, entre outros, nunha sociedade pluricultural.
- ◆ Reforzar o vocabulario adquirido en cursos anteriores para integralo en estruturas cada vez máis elaboradas na lingua estranxeira.
- ◆ Proporcionar un contexto real, comunicativo e de interacción social dentro do contexto escolar que lle permita ao alumnado utilizar e reforzar as competencias adquiridas na lingua estranxeira.
- ◆ Enriquecer a utilización da lingua inglesa con outras tarefas diversas, propias da materia de Plástica.
- ◆ Adquirir un vocabulario básico en inglés relacionado coa área de Educación Artística, que permita o desenvolvemento dos obxectivos propios da área.

### **13. AVALIACIÓN.**

Segundo o establecido no art.14 do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo, cada centro elaborará o seu proxecto lingüístico, que será aprobado e avaliado polo consello escolar.

Para a elaboración do mesmo seguiranse as directrices establecidas previamente na CCP e debatirase no claustro antes da súa aprobación e avaliación no consello escolar.

Anualmente elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

- ◆ Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados no curso anterior e información do que se vai a desenvolver no seguinte.
- ◆ No caso de que houbera algunha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), informárase sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.